




CONVOCATORIA INTERNA DE FINANCIAMIENTO BASAL PARA GRUPOS E UNIDADES DE INVESTIGACIÓN E PERSOAL INVESTIGADOR 2025



PROGRAMA

AGrupa

Impulso interno, impacto global



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CARACTERÍSTICAS DA CONVOCATORIA

Obxecto

A convocatoria, integrada no programa AGRUPA, proporciona **financiamento basal aos grupos e unidades de investigación e aos investigadores e investigadoras da UDC.**

Os seus obxectivos son:

- > **Potenciar a agregación de capacidades e a mellora do enfoque estratéxico e do desempeño investigador na UDC.**
- > **Incrementar o número de grupos da UDC que acadan axudas de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento da Xunta de Galicia.**
- > **Elevar o nivel de recoñecemento e financiamento dos grupos que xa contan coas devanditas axudas da Xunta.**

Perfís destinatarios

As axudas desta convocatoria están dirixidas a todos os grupos e unidades de investigación e ás persoas investigadoras inscritos no catálogo de investigación da UDC.

Establécense catro tipos de perfís:

A Modalidade A: grupos de referencia competitiva (GRC) do programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación da Xunta de Galicia nas convocatorias 2021, 2022, 2023 ou 2024.

B Modalidade B: grupos de potencial crecemento (GPC) do devandito programa nas convocatorias 2022, 2023 ou 2024.

C Modalidade C: grupos non incluídos nas modalidades A ou B.

D Modalidade D: unidades de investigación e investigadores e investigadoras.

Estrutura do financiamento

O financiamento para o ano 2025 estrutúrase en tres módulos:

Módulo 1. Importe fixo de acordo co perfil beneficiario:

- > **Modalidade A:** 1.250 €.
- > **Modalidade B:** 750 €.
- > **Modalidade C:** 400 €.

Módulos 2 e 3. Distribución entre todas as modalidades (A, B, C e D) do orzamento restante unha vez asignado o módulo 1, co seguinte reparto:

- > **Módulo 2:** 40 % do orzamento restante: achega estrutural en función do número persoas investigadoras activas.
- > **Módulo 3 :** 60 % do orzamento restante: achega variable en función da puntuación obtida na avaliación da Axencia Estatal de Investigación (AEI) de 2022.

Na próximas convocatorias non se someterá aos posibles beneficiarios/as á avaliación externa da AEI, que será substituída por modelos de avaliación baseados nos fitos acadados (no caso dos grupos GRC e GPC) ou ben polo seguimento do itinerario de mellora proposta no programa AGRUPA.

REQUISITOS DE ACCESO

Grupos e unidades de investigación: estar integrados por **persoal investigador activo**. •

Investigadores e investigadoras a nivel individual: ter a condición de **persoal de investigación activo**. •

Ter realizado a inscrición no **catálogo de investigación da UDC** antes da data de publicación desta convocatoria.

Para acceder ao **módulo 3** do financiamento: ter participado na **avaliación da AEI promovida pola UDC en 2022**.

Criterios para ter a condición de persoal investigador activo

Debe de ser doutor/a e cumprir alomenos un dos seguintes criterios:

1. Estar en posesión dun **sexenio de investigación activo**.
2. Acreditar autoría ou coautoría, nos últimos seis anos, dun mínimo de **tres publicacións** incluídas no *Journal Citation Reports (JCR)* ou no *SCImago Journal Rank (SJR)*. Nas áreas nas que non sexa aplicable este criterio, substituirase por un requisito comparable da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI).
3. Formar parte do equipo dun **proxecto de investigación vixente** financiado por convocatorias públicas estatais ou europeas.
4. Acreditar a autoría ou coautoría dunha **patente ou licencia de software** en explotación que xerara para a UDC máis de 5.000 € en regalías ou que acredite, no caso de *software* de uso gratuíto, máis de mil persoas usuarias.
5. Ter dirixido nos últimos seis anos unha **tese doutoral** con cualificación sobresaliente *cum laude*, apto *cum laude* ou equivalente noutros países e que dera lugar a un mínimo dunha publicación en revistas indexadas no *JCR* ou a algunha contribución relevante segundo os criterios da CNEAI.
6. Ter conseguido o **título de doutoramento** nos últimos dous anos.

TRAMITACIÓN E INFORMACIÓN ADICIONAL

Lugar e prazo de presentación

Tramitación electrónica en <https://sede.udc.gal> ata o 24/03/2025.

Documentos da convocatoria a cubrir

- > Formulario de solicitude (Anexo I).
- > Declaración responsable do persoal investigador que integra o grupo ou unidade de investigación ou do investigador ou investigadora a nivel individual (Anexo II).

Máis información

- > Bases da convocatoria e anexos.
- > Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica da UDC.
- > Web da Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

Consultas

-  agrupa.redcidi@udc.gal
-  +34 881 012 682
-  Rede de Centros e Unidades de I+D+i da UDC - REDCIDI
Ed. de Servicios Centrais de Investigación, Campus de Elviña
15071. A Coruña

Convocatoria aprobada pola Comisión de Investigación na súa xuntanza do 13 de xaneiro de 2025.

PROGRAMA



Impulso interno,
impacto global



UNIVERSIDADE DA CORUÑA